

ACTA NÚMERO: 24/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e trinta minutos do día 30 de xuño de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Dona Inés Vereterra Gutiérrez-Maturana, Xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 23 de xuño de 2023 (Reunión 23/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada por New Live Promociones Culturales, S.L. (B94136066) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do festival "Atlantic Fest 2023". (Expte.- 2023030788).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanovaña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)". (Expte.- 2023011811).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2022071281).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0603 PO.308 - Muiño - Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)". (Expte.- 2023020865).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023004124).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023004124).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado, mediante poxa pública, para o alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade. (Expte.- 2023035761).*
9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o*



desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior. (Expte.- 2022058925).

10. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior. (Expte.- 2022058925).*
11. *Aprobación da valoración técnica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 23 de xuño de 2023 (Reunión 23/2023).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 16 de xuño de 2023 (Reunión 22/2023).

2. *Dar conta da oferta presentada por New Live Promociones Culturales, S.L. (B94136066) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do festival "Atlantic Fest 2023". (Expte.- 2023030788).*

Por Resolución Presidencial número 2023004846 de data 15/06/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación do patrocinio publicitario do festival "Atlantic Fest 2023", a celebrar no concello de Vilagarcía de Arousa os días 20, 21, 22 e 23 de xullo.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa New Live Promociones Culturales, S.L. (B94136066) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 16/06/2023.



A empresa New Live Promociones Culturales, S.L. (B94136066) presentou a proposición con data 23/06/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	27.000,00 €
IVE (21 %)	5.670,00 €
Importe ofertado con IVE	32.670,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa New Live Promociones Culturales, S.L. (B94136066) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do festival "Atlantic Fest 20232, a celebrar no concello de Vilagarcía de Arousa os días 20, 21, 22 e 23 de xullo.

3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)". (Expte.- 2023011811).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, do día 6 de xuño de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "*Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
 - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU
 - MONCOSA OHS, S.A.
 - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
 - MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 - NAROM SL
 - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

4. ***Apertura electrónica dos sobres “Únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe”. (Expte.- 2022071281).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023004463 de data 6 de xuño de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Reforma de cuberta en vestiarios do campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xuño de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
- DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- DI ARANCIA ARQUITECTURA, S.L.
- EDIGRUP GLOBAL, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES ABAL, S.L.	47.261,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	44.636,60 €	3%	36 MESES	NON OBXECTO	NO
DI ARANCIA ARQUITECTURA, S.L.	46.862,79 €	3%	36 MESES	NO	NO
EDIGRUP GOLBAL, S.L.	49.892,88 €	3%	12 MESES	NO	NO
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	48.648,23 €	3%	36 MESES	NO	NO



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

5. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0603 PO.308 - Muíño - Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)". (Expte.- 2023020865).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023004419 de data 5 de xuño de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0603 PO.308 - Muíño - Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)*". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xuño de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	128.019,17 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	137.269,78 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	131.656,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	131.412,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	129.023,16 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	130.338,99 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	130.410,59 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	42,03	10,00	10,00	5,00	67,03



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,43	10,00	10,00	5,00	41,43
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	31,99	10,00	10,00	5,00	56,99
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	32,66	10,00	10,00	5,00	57,66
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	39,26	10,00	10,00	5,00	64,26
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	35,63	10,00	10,00	5,00	60,63
NAROM, S.L.	35,43	10,00	10,00	5,00	60,43

En base ás puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as ofertas presentadas polas empresas que optan á adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 0603 PO.308 - Muíño - Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)"*, e que son as seguintes:
 - CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
 - CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
 - CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 - CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
 - CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
 - MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 - NAROM, S.L.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 0603 PO.308 - Muíño - Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)"* que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	67,03
2ª	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	64,26
3ª	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	60,63
4ª	NAROM, S.L.	60,43
5ª	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	57,66
6ª	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	56,99
7ª	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	41,43

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0603 PO.308 - Muíño - Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)*" á empresa, CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429) por un importe de 154.903,20 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 128.019,17 €

IVE (21%) 26.884,03 €

Importe Total 154.903,20 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, acreditación da solvencia económica e técnica, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 6.400,96 €.

6. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023004124).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de xuño de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra e a súa entrega ao operador postal.*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- ECOLOGICAL MAILING S.L B81194318
- CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L B92621762
- NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL S.A. A82413113
- MAILTECK S.A. A31501901
- GUREAK MARKETING S.L.U. B20158218
- MAILING ANDALUCÍA S.A. A41502840
- TELEMAIL S.L. B81927626

7. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2023004124).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 30 de xuño de 2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa, presentada no procedemento aberto convocado para a contratación do *servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra e a súa entrega ao operador postal*, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- ECOLOGICAL MAILING S.L (B81194318)
- CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L (B92621762)
- NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL S.A. (A82413113)
- MAILTECK S.A. (A31501901)
- GUREAK MARKETING S.L.U. (B20158218)
- MAILING ANDALUCÍA S.A. (A41502840)



- TELEMAIL S.L.(B81927626)

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descrición e descarga da documentación do sobres "B" correspondente ós criterios avaliados mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do *servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra e a súa entrega ao operador postal.*

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre "B", ós técnicos do Servizo do ORAL, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

8. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento convocado, mediante poxa pública, para o alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade. (Expte.- 2023035761).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL nº 2023001591 de data 13 de xuño de 2023, aprobouse o expediente do procedemento aberto para o "*Alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade*". O anuncio convocando este procedemento de poxa pública publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data o prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe neste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación e ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade, propiedade da Deputación de Pontevedra .

As ofertas presentadas foron as seguintes:

CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA SA (NIF: A03161270)

Prezo ofertado:

Prezo base ofertado por litro de leite cru +- primas e descontos:

Importe sen IVE: 470 €/ 1.000 litros

IVA (4%): 18,80 €

Importe IVE engadido: 488,8 €/1000 litros

Prezo do menor gasto de produción e transporte (G.P.T.)

Importe sen IVE: 0,8139 €/ kg

IVA (4%): 0.0325 €

Importe IVE engadido: 0,8464 €/ kg

- No prezo inclúese o subministro, instalación e posta en funcionamento dun tanque de frío con capacidade como mínimo para 3.000 litros. Debe incluír tamén os mantementos preventivos e correctivos.

A continuación, a Mesa de Contratación procede á avaliación da proposición efectuada pola única empresa licitadora presentada de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no prego administrativo, sendo o resultado da mesma o seguinte:

Licitadores	Prezo base leite	Prezo Gastos produccion/transporte	Puntuación Total
CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA SA (NIF: A03161270)	70 puntos	30 puntos	100 puntos



A Mesa de Contratación acorda:

1.- Admitir a única empresa que presentou oferta para o *procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante poxa pública, do “Alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade”, e que é a seguinte:*

- CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA SA (NIF: A03161270)

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas no procedemento aberto convocado para a para a adxudicación, mediante poxa pública, do *“Alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade”, que queda da seguinte forma:*

Clasificación	Empresas	Puntuación Total
1ª	CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA SA (NIF: A03161270)	100 puntos

3.- Propor ao órgano de contratación, neste caso o Deputado que actualmente ten delegadas as competencias da Presidencia na área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a para a poxa pública do *“Alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade”, á empresa CORPORACION ALIMENTARIA PEÑASANTA SA (NIF: A03161270), de acordo co seguinte detalle:*

Prezo base ofertado por litro de leite cru +- primas e descontos:

Importe sen IVE: 470 €/ 1.000 litros

IVA (4%): 18,80 €

Importe IVE engadido: 488,8 €/1000 litros

Prezo do menor gasto de produción e transporte (G.P.T.)

Importe sen IVE: 0,8139 €/ kg

IVA (4%): 0.0325 €

Importe IVE engadido: 0,8464 €/ kg



- No prezo inclúese o subministro, instalación e posta en funcionamento dun tanque de frío con capacidade como mínimo para 3.000 litros. Debe incluír tamén os mantementos preventivos e correctivos.

9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior. (Expte.- 2022058925).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 9 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

A Xunta de goberno na súa sesión ordinaria de do día 13 de xaneiro de 2023, acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 202300088 de data 10/01/2023, rectificando o prego de cláusulas administrativas particulares e reiniciando o prazo de presentación de proposicións no procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita do Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 10/01/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 10/01/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación, despois da calificación da documentación administrativa presentada nos sobres A, declarou admitidas ás empresas:

- TIQUETEO SPAIN S.L. (B-66045345)
- MANANTIAL DE IDEAS S.L. (B-26450932)
- SICOMOROS SERVICIOS INTEGRALES S.L. (B-99020547)
- PEREZ ALIAGA ABOGADOS (B-23742349)
- EVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L. (B-70240320)



A Mesa de Contratación, na mesma data, tamén procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 23 de xuño do 2023, emitiu o informe de valoración (csv Z3SHWMBABH69XW17), co seguinte resultado:

Empresas licitadoras	SICOMORO SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	MANANTIAL DE IDEAS, S.L.	SPAIN HERITAGE TOURS, S.L.	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.
1. Análise de requisitos e descrición xeral do sistema, ata un máximo de 4 puntos	2,75	1,2	2,3	0,6
2. Análise da solución proposta para a venda de entradas e reserva da visita polas diferentes canles do sistema, ata un máximo de 3 puntos	1	2	2	0
3. Plan de integración coa plataforma CRM propia, ata un máximo de 3 puntos	2	2,5	2	1
4. Análise da solución proposta e canle para organizacións e servizos turísticos, máximo de 5 puntos	2	2	2	0
5. Xestión de accesos e xestión da ocupación de espazos, máximo de 2 puntos.	0,5	1	1	0
6. Xestión de informes e estatísticas, máximo de 2 puntos.	0,5	1	1,5	0
7. Centro de recepción de visitantes (CRV), máximo de 2 puntos.	0,5	0,5	0,5	0
8. Mantemento, soporte e xestión de incidentes, máximo de 2 puntos.	0,5	2	0	0
9. Demostración práctica da solución proposta, máximo de 15 puntos.	6,5	5	5,25	1
Total	16,25	17,20	16,55	2,6

No cintado informe recóllese o seguinte;

“..... tras a valoración técnica global, para a contratación, mediante procedemento aberto, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso, e dado que ningunha das empresas alcanza a puntuación mínima de 25 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, propónse a Mesa de Contratación deixar deserto e iniciar novo procedemento.”

A Mesa de Contratación acorda:

1. Prestar conformidade, en base informe de valoración emitido con data 23 de xuño do 2023 pola Xefa do Servizo “Turismo Rías Baixas”, (CSV: Z3SHWMBABH69XW17), á puntuación obtida polas empresas presentadas e



admitidas no do procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior.

2. Así mesmo e en base ao citado informe da Xefa do Servizo “Turismo Rías Baixas”, propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, declarar deserto o procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior, motivado polo feito de que ningunha das empresas alcanza unha puntuación mínima de 25 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliados mediante xuízos de valor de conformidade co estipulado na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

10. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior. (Expte.- 2022058925).

O Presidente decide retirar este asunto da orde do día debido a que a Mesa de Contratación acordou propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, declarar deserto o procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Sobroso e ao castelo de Soutomaior, motivado polo feito de que ningunha das empresas alcanzou unha puntuación mínima de 25 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliados mediante xuízos de valor de conformidade co estipulado na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

11. Aprobación da valoración técnica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o concurso público para a contratación do “Arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no



municipio de Vilanova de Arousa”, convócase mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 4 de maio do 2023.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 26 de maio de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, e dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación xeral presentada nos sobres A polas persoas licitadoras a este procedemento, as persoas admitidas foron: Elvira Otero Oubiña (DNI: 35457233L) e José Manuel Del Río Roma (DNI: 35407110J), e non admitidas, ningunha.

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación do sobre “B” ao persoal técnico do servizo ORAL, para que avaliasen e ponderasen as propostas, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores de este procedemento.

O Servizo ORAL remite informe do servizo de Arquitectura, de data 23 de xuño de 2023, que sinala que os locais ofertados non son aptos polos seguintes motivos:

Local 1. Propietaria Elvira Otero Oubiña. Situación: Concepción Arenal, 5

O local NON cumpre e NON se axusta aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas, xa que:

- Non se atopa nun andar baixo, nin dispón dun percorrido accesible desde a rúa. O acceso non cumpre a normativa de accesibilidade en vigor, xa que existe un chanzo para salvar o desnivel existente dende o exterior ao interior do establecemento
- Non dispón de espazo suficiente para albergar 2 postos de traballo con atención ao público e zona de espera. O espazo para albergar dous postos de traballo e zona de espera actualmente non se atopa nun único espazo diáfano e de visión conxunta. No caso de que o local fose o seleccionado, precisaría de pequenas obras de adaptación (eliminación dun tabique e adaptación no pavimento e falso teito) para acadar un espazo diáfano e apto para a realización dos traballos obxecto deste prego.
- O local non se atopa en óptimas condicións por presentar humidades na parte inferior dos tabiques; e non conta cunha instalación de climatización

Local 2. Propietario José María del Río Roma. Situación: Rúa Curros Enríquez 18:

O local NON cumpre e NON se axusta aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas, xa que:



- Non conta coas instalacións, plenamente operativas e dadas de alta, necesarias para dar servizo ao uso de oficina administrativa. O local non conta coas instalacións requiridas (sistema de ventilación, climatización e calefacción).
- Non está acondicionado para poder desenvolver o uso de oficinas en condicións óptimas. Non se trata dun establecemento único independente. Está delimitado de xeito rudimentario respecto do establecemento contiguo do que anteriormente formaban un único local e espazo.
- O local non conta con permiso municipal para o exercicio dunha actividade de carácter administrativo.

Ademais, ningunha das ofertas presentadas se acompañan da memoria técnica requirida nos pregos, na que se concreten as obras que é preciso executar para dar cumprimento aos requisitos do prego.

A Mesa de Contratación, á vista do exposto, acorda prestar conformidade ao informe emitido polo servizo de Arquitectura, de data 23 de xuño de 2023, respecto aos criterios de adxudicación non automáticos establecidos no prego regulador deste procedemento, e, en consecuencia, propoñer ao órgano de contratación a exclusión dos licitadores: Elvira Otero Oubiña (DNI: 35457233L) e José Manuel Del Río Roma (DNI: 35407110J), e declarar deserto o procedemento.

12. *Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).*

O Presidente decide retirar este asunto da orde do día, debido a que as ofertas presentadas polos licitadores ao procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa non cumpren cos requisitos establecidos no prego técnico.

Unha vez que se remataron de debatir os asuntos que forman parte da orde do día desta reunión, o Presidente da Mesa de Contratación toma a palabra e manifesta que con motivo de que se está chegando á finalización da actual lexislatura quere deixar constancia do seu desexo de que conste en acta o agradecemento da súa persoa cara a todo o persoal técnico que forma parte da Mesa de Contratación pola colaboración



prestada durante todo o tempo en que tivo a honra de ostentar a presidencia deste órgano colexiado.

Os membros da Mesa de Contratación que están presentes tamén manifestan o agradecemento persoal a Carlos López Font polo gran traballo desenvolvido como Presidente da Mesa de Contratación.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e cincuenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

